



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. ARCEBISPO XELMIREZ II**

IRMANDIÑOS 15, 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

☎ 881 887 055

☎ 881 887 062

✉ IES.ARCEBISPO.XELMIREZ.2@EDU.XUNTA.ES

[HTTP://CENTROS.EDU.XUNTA.ES/IESARCEBISPOXELMIREZ2/](http://centros.edu.xunta.es/iesarcebispoXelmirez2/)



# IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

### Capítulo III

**CURSO 2017- 2018**



**IES ARCEBISPO XELMÍREZ II**  
**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**  
**PROGRAMACIÓN 2017-2018**

Contido:

1. Presentación
  - 1.1. Composición do Departamento e coordinación.
2. Actividades complementarias e actividades extraescolares. Definición.
3. Obxectivos Xerais
4. Contribución das ACE ao desenvolvemento das CCBB
5. Programación e realización das actividades Complementarias e Extraescolares
  - 5.1. Criterios xerais
  - 5.2. Normas para a realización das actividades (PEC)
  - 5.3. Concreción das normas para a realización de actividades complementarias e extraescolares.
  - 5.4. Procedemento xeral para a organización e desenvolvemento dunha actividade.
    - 5.4.1. Con carácter xeral.
    - 5.4.2. Actividades desenvolvidas dentro do centro.
    - 5.4.3. Actividades desenvolvidas fora do centro que non requiren pernoctación fora do domicilio habitual.
    - 5.4.4. Actividades desenvolvidas fora do centro que requiren pernoctación fora do domicilio habitual.
6. Financiamento das actividades complementarias e extraescolares.
7. Recursos.
8. Programación das Actividades Complementarias para o curso 2017-18.

8.1. Conmemoracións

8.2. Relación das actividades complementarias programadas polos diferentes Departamentos Didácticos.

9. Programación das Actividades Extraescolares de carácter cultural proxectadas en colaboración con diversos sectores da comunidade educativa ou mediante acordos con outras entidades.

10. Actividades deportivas e artísticas que se proxectan celebrar dentro e fora do recinto escolar.

11. Organización, funcionamento e horario da Biblioteca.

12. Anteproxecto económico. (Cfr. 7 recursos)

O obxectivo desta programación é desenvolver un marco adecuado ás esixencias xerais das normativas existentes e máis concretamente as directrices establecidas no Proxecto Educativo do Centro (PEC), para a unificación de criterios dos distintos Departamentos á hora de programar as Actividades Complementarias e Extraescolares, respectando a autonomía de cada un deles á hora de axustalas aos seus propios proxectos didácticos.

As actividades complementarias e extraescolares constitúen un capítulo importante dentro do funcionamento do IES Arcebispo Xelmírez II xa que entendemos como unha prioridade ampliar o horizonte cultural do noso alumnado, que pola súa procedencia (zona norte da cidade e zona rural) dispón dunha oferta moi limitada de actividades culturais e deportivas alleas. Consideramos que tanto as actividades culturais como as deportivas contribúen a este obxectivo na medida en que favorecen a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade e contribúen a mellorar as relacións entre os alumnos e as alumnas e potencian a adquisición de habilidades sociais e de comunicación. E por iso que estas actividades teñen un lugar central dentro da vida do Instituto, tal como se recolle no Proxecto Educativo do Centro.

A educación do século XXI, tanto se se concibe como unha educación para a cidadanía democrática ou para adecuarse ás demandas do mercado laboral coinciden na necesidade de preparar ao alumnado nunha serie de competencias que lles permitan enfrontarse a situacións complexas en moitas áreas das súas vidas. Estas demandas supoñen un desafío para os sistemas educativos que deben proporcionar unha aprendizaxe para a vida que non pode adquirirse cunha práctica docente limitada polas paredes da aula. As actividades complementarias son actividades contextualizadas en diferentes contornos de aprendizaxe que trascenden ese espazo, de modo que contribúen a construír ás competencias que requiren a relación cunha contorno social, respondendo a necesidades reais e de acordo coas metas, requerimentos e expectativas cambiantes dunha sociedade aberta e complexa.

As Actividades Complementarias e Extraescolares ademáis incentivan a participación activa do alumnado nas experiencias educativas e o fomento da convivencia entre toda a comunidade escolar. Constitúe un obxectivo prioritario

## 1.1 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E COORDINACIÓN.

Segundo se establece no Artigo 63º do ROC IES. DECRETO 324/1996

“1. O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

1. Este departamento estará integrado polo xefe ou xefa do mesmo e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma.”

No apartado 4.2.3. do Proxecto Educativo do Centro especificábase que “O xefe ou xefa deste departamento será o vicedirector ou vicedirectora do centro” e que “Formará parte desre departamento, ademáis do seu xefe ou xefa, o profesor ou profesora encargado da biblioteca. Para cada actividade concreta, incorporáranse os profesores e e alumnos responsables dela.”

## 2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Entendemos por unha **actividade complementaria** aquela actividade que por razón de recursos non pode realizarse na aula, de modo que se desenvolve nun espazo diferente, que consideramos máis adecuado, e adquire a función de un aula “alternativa”. Como o seu nome indica, sta clase de actividades son un complemento ao currículo que, na busca dos recursos necesarios, require saír da aula convencional. Na medida en que pretenden responder aos obxectivos e desenvolver contidos curriculares, deben figurar claramente na programación e ríxense polas normas e criterios da aula. Por elo deben desenvolverse en horario escolar e son gratuitas Polo seu carácter parece que poderían ser consideradas obrigatorias, pero non é así como o entende o lexislador, que establece que “A

participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria” (*Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, Art. 25*)

Unha **actividade extraescolar**, aínda que é básica para a formación do alumnado, na medida en que contribúe a mellorar as súas oportunidades, non debe responder necesariamente a cuestións curriculares. A lexislación establece que “En ningún caso o contido destas actividades pode ser igual ou similar ó dunha ensinanza oficial do currículo” (*Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, Art. 24*). Deben realizarse, por tanto, fora do horario lectivo, son optativas e non teñen porqué seren gratuítas. As viaxes de fin de curso son un exemplo deste tipo de actividades.

Esta distinción recóllese no PEC do seguinte modo: “Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro ou asociacións culturais e entidades sen ánimo de lucro e figurando na programación xeral anual aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo”.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares, cando se desenvolvan fóra do centro, requirirá autorización previa por escrito dos pais, nais ou titores. A dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender os alumnos e alumnas que non participen nelas.

O centro poderá recibir achegas económicas de institucións ou asociacións para a realización das mesmas.

As actividades complementarias e extraescolares non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ó currículo oficial.

Para o desenvolvemento de actividades extraescolares que se realicen fóra do recinto escolar, deberase contar con aprobación do Consello Escolar, autorización escrita dos pais, nais ou titores legais, e ademais acompañarán o alumnado participante polo menos un profesor ou profesora por cada vinte alumnos”.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS.**

En xeral, as actividades Complementarias e Extraescolares contribúen a acadar ao logro dos obxectivos de cada etapa educativa (cfr. Ley Orgánica 2/2006, d 3 de mayo, de Educación. Obxectivos da ESO, pp. 23-24 e Obxectivos do Bacharalato, pp.31 e 32.. Fonte: Boletín Oficial Del Estado (Legislación Consolidada. Última modificación 10 de diciembre de 2013). De maneira específica, as actividades Complementarias e Extraescolares contribúen a acadar os seguintes obxectivos:

- Completar o currículo das diferentes materias.
- Incidir nos temas transversais, que ás veces son menos tratados nas actividades lectivas habituais.
- Contribuír á formación integral dos alumnos como persoas libres, responsables, creativas, críticas e solidarias
- Desenvolver no alumnado habilidades sociais que lle permitan actuar dentro e fora da aula de maneira adecuada.
- Favorecer o desenvolvemento persoal dos alumnos e o seu acceso ao patrimonio cultural, sen discriminación algunha por razóns de sexo, raza, capacidade u orixe social.
- Adaptarse ás peculiaridades e intereses individuais dos alumnos.
- Responder ás esixencias dunha sociedade democrática, complexa e tecnificada.
- Compensar as desigualdades sociais, culturais e por razón de sexo, sen incorrer en favoritismo, pero tendo en conta as diversas capacidades dos alumnos.

- Preparar a inserción na vida activa, para o desempeño das responsabilidades sociais e profesionais propias da existencia adulta.
- Facilitar a comunicación e afianzar intereses comúns entre todos os compoñentes da comunidade educativa mediante o desenvolvemento de actividades.
- Crear hábitos de participación.

As peculiaridades deste centro fan que estes obxectivos sexan prioritarios e consideramos especialmente relevante a contribución das ACE ao seu logro, debido:

- A localización espacial, como de fronteira entre o rural e o extrarradio.
- A extracción socioeconómica baixa e media-baixa de boa parte das familias do alumnado.
- A procedencia xeográfica, cada vez mais afastada e variada, de moitos alumnos, coas dificultades culturais e moitas veces lingüísticas que iso comporta.
- A proporción bastante elevada de alumnado de etnia xitana, con costumes arraigados que ás veces chocan contra convencións sociais e de organización tamén moi antigas e igualmente asimiladas por outros grupos étnicos.

Pero todas estas circunstancias, moitas veces, dificultan e mesmon impiden a realización da ACE. Hai actividades, como o mantemento de clubs de lectura, que deben programarse fóra dos horarios escolares, que son dificilmente sostibles pola dispersión xeográfica do alumnado. Por outra parte, a situación socioeconómica de gran parte das familias, xeralmente non moi desafogada e agravada polas circunstancias actuais, supón un obstáculo as veces insalvable para a organización de actividades que supoñan un desembolso económico.

Existen tamén peculiaridades culturais que interfíren no desenvolvemento das actividades. É moi perceptible a resistencia de gran número de familias de etnia xitana á participación dos seus fillos ou fillas en actividades complementarias ou extraescolares que teñan lugar fóra do centro e, a miúdo, independentemente de que sexan ou non de balde.



Engadíamos que tentando sortear todas estas dificultades e outras similares cos recursos humanos e materiais do centro puxemos “remedios” que resultaron parcialmente efectivos para os casos anteriores:

- Certas agrupacións especiais como as dos Programas de Diversificación Curricular permiten e mesmo propician o desenvolvemento de Clubs de Lectura. En efecto, o elevado número de horas do chamado Ámbito Lingüístico-social permite emprazar en horario escolar actividades propias do Club que en absoluto están enfrontadas coa propia esencia do citado Ámbito, cuxa programación pon énfase nas competencias comunicativas. Sobra dicir que o hábito lector fomenta todas as habilidades de comprensión e expresión de textos escritos e orais.

- Os departamentos didácticos tentan evitar a realización de actividades que resultasen caras para o alumnado.

- Algunhas actividades programadas en cursos anteriores, e tamén para este, enfócanse dende unha perspectiva multicultural: tentan potenciar a cooperación e o subliñado dos puntos en común das diferentes culturas precisamente a través da celebración das súas diferenzas.

Pretendemos aplicar durante este curso estes remedios, máis necesarios aínda agora porque as dificultades económicas e sociais de moitas familias e do noso entorno xeral poñen atrancos de todo tipo aos nosos desexos. As familias e o centro dispoñen de menos cartos para investimentos culturais e os organismos públicos e privados ofrecen tamén menos propostas da mesma índole.

#### **4. CONTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

As Competencias Básicas poden conformarse a través de saberes disciplinares, pero a súa utilización aparece vinculada ás prácticas sociais e son a condición necesaria para acadar o éxito nesas prácticas. As competencias necesarias para participar activamente nos diferentes “campos” e “prácticas sociais” adquirense, habitualmente, a través da socialización. Por iso a contribución das actividades complementarias e extraescolares á adquisición de competencias básicas, necesarias para que a aprendizaxe non se limite aos anos de escolarización senón que se convirtn nunha práctica de vida, é moi

e motivadora cá das clases regladas.

A **competencia en comunicación lingüística** vese favorecida polo diálogo e o intercambio oral de puntos de vista entre o propio alumnado, co profesorado, con persoas alleas ao centro ás que se chega a través da realización dalgunha actividade, e incentívase na vertente escrita cando a preparación ou desenvolvemento da actividade require esa forma de comunicación.

Potencia a práctica matemática –**competencia matemática**– ademáis do desenvolvemento das actividades en xeral, a colaboración do alumnado na preparación das actividades cando requiren cálculos, conceptos ou procedementos relativos a calquera dos seus elementos.

O **tratamento da información e a competencia dixital** son esixencias para a xente nova que debe incorporarse á vida laboral. Pódese contribuir ao logro desta competencia mediante a implicación do alumnado na preparación das actividades, así como coa súa realización: indagacións previas buceando na rede en busca de datos, aproveitamento posterior do realizado, tratamento da información recibida, elaboración de traballos ou resumos sobre a actividade, etc. É evidente que a chamada **competencia social e cidadá** só se activa coa práctica. Saír do marco escolar habitual obriga ao contacto do alumnado con medios sociais e profesionais cos que a súa vida doméstica e familiar a miúdo non está relacionada. Sen dúbida, as actividades complementarias e extraescolares favorecen as habilidades sociais.

Que a **competencia cultural e artística** se reforza e mesmo adquire a través de visitas didácticas a centros históricos, museos, exposicións, concertos, espectáculos de danza, teatros cines, etc., abrindo mundos novos e convertindo en experiencias vitais os datos dun libro de texto ou dun tema escolar é tamén obvio. O mesmo pode dicirse da **competencia para aprender a aprender**: as actividades complementarias e extraescolares poden espertar no alumnado unhas inquiredanzas de coñecemento e unhas estratexias para logralo que se proxectan cara ao futuro como un hábito enriquecedor. O binomio vida-cultura resulta moito máis perdurable que o de escola-cultura e posibilitase se o centro escolar se abre ás realidades do entorno máis próximo e do máis afastado gracias ás experiencias culturais.

A **competencia en autonomía e iniciativa persoal** tamén quedan reforzadas cando con carácter relativamente frecuente o alumnado se ve exposto a situación novas, alleas a experiencia puramente familiar e escolar.

Como consecuencia do dito, e proxectándonos cara un futuro impredecible pola velocidade á que se move o mundo, parece claro que é preciso combinar as actividades escolares que se desenvolven no ámbito da clase con outras realizadas tamén no centro pero en espazos diferentes e con aquelas que levan ao alumnado a traspasar as paredes da escola para entrar en realidades profesionais e vitais moi variadas. Partindo da convicción de que esta apertura colaborará de forma decidida na maduración persoal e intelectual do alumnado tentamos combinar no centro de xeito harmónico as actividades escolares diarias –que son prioritarias- coas complementarias e extraescolares.

Para lograr esa harmonía é preciso partir de criterios claros e fixar protocolos que faciliten o orde necesario nas actividades puramente docentes sen restar flexibilidade e axilidade ao fomento das actividades complementarias e extraescolares.

## **5. PROGRAMACIÓN E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

### **5.1. CRITERIOS XERAIS**

Se establecen como criterios xerais para o deseño e realización das actividades complementarias e extraescolares os seguintes:

a) Que os obxectivos da actividade estean integrados ou contribúan a acadar algún dos obxectivos da etapa.

b) Que os obxectivos da actividade estean integrados ou contribúan a acadar algún dos obxectivos dalgunha das materias do Departamento que programa a actividade.

c) Que estean programadas ao comezo do curso e teñan sido aprobadas polo Consello Escolar. Farase unha excepción para aquelas actividades organizadas por institucións e/ou organismos alleos ao centro que non se poden prever nos inicios do curso. A participación do alumnado queda igualmente suxeta á aprobación do Consello Escolar.

d) Tendo en conta os obxectivos que se perseguen e por tratarse de actividades que favorecen o desenvolvemento das competencias básicas procurarase que a maior parte do alumnado participe todas as actividades programadas e evitarse o deseño de actividades que poidan resultar excluíntes por algunha razón.

## **5.2. NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES (PEC 7.8.2)**

- Establécese unha data límite para as actividades de ESO e 1º de Bacharelato (31 de maio), e outra para as de 2º de Bacharelato (30 de abril).
- Se as actividades se desenvolven no centro e non supoñen un desembolso económico, o alumnado debe asistir a elas.
- O profesorado que tivese clase con grupos participantes nunha actividade complementaria durante o horario de celebración da mesma

acompañaraos no seu desenvolvemento no lugar onde se celebre: sala de usos múltiples, biblioteca, pavillón, etc.

- Como norma xeral, cada departamento só poderá realizar cada curso académico unha actividade que supoña saír do centro para cada grupo. Se o grupo non alcanzase as doce saídas durante o curso, algún departamento podería realizar co mesmo unha segunda actividade. Neste caso terán preferencia as actividades de carácter interdisciplinar.
- Permitirase a solicitude de actividades non incluídas na programación de principio de curso no caso de que deban realizarse en datas concretas que non se coñecían nese momento, ou actividades convocadas por institucións con posterioridade á elaboración das programacións. A estas actividades seralles aplicable a cantidade máxima antes sinalada. Para a súa realización será necesaria a aprobación do Consello Escolar no caso de que impliquen saír do recinto escolar.
- Agás situacións especiais, só se poderán levar a cabo aquelas actividades nas que a participación do alumnado proposto sexa cando menos do 80%. Quedarán excluídas desta condición as actividades que se desenvolvan completamente fóra do horario lectivo, e aquelas que impliquen pasar noites fóra. Para estes efectos, ademais, non se computará o alumnado que se atope sancionado coa privación de asistencia a actividades complementarias ou extraescolares durante todo ou parte do período de realización da mesma.
- O alumnado que non participe nunha actividade complementaria ten a obriga de asistir ás clases. Será atendido polo profesorado que lle correspondese a esas horas, salvo que este participe na actividade; de ser así, actuará o de garda. Se a ocasión o aconsella, a xefatura de estudos poderá organizar agrupamentos especiais para atender conxuntamente o alumnado disperso de varios grupos que non participe nunha actividade.
- O profesorado que tivese clase con grupos afectados por unha actividade extraescolar e non asista á mesma como profesorado acompañante deberá cumprir o seu horario de permanencia no centro, aínda que tódolos alumnos e alumnas dos grupos afectados teñan previsto asistir á actividade.

- As actividades complementarias faranse sempre baixo a dirección do profesorado que as propoña e organice, que debe previamente solicitar a aprobación do proxecto ao Consello Escolar a través da Vicedirección.
- Quen organice a actividade presentará á Vicedirección a proposta de profesorado acompañante, unha persoa por cada vinte alumnos ou alumnas, ou fracción, e nunca menos de dúas. En caso de que a saída dure varios días, ou naqueles casos en que se estime conveniente, poderase incrementar o número de persoas acompañantes a criterio da dirección do centro.
- Darase conta ás familias do alumnado asistente de todas as actividades que impliquen saída do centro. O pai, nai ou titor legal asinará un documento de permiso e asunción de responsabilidades.
- As saídas e retornos das actividades faranse sempre desde o centro e baixo a supervisión dos docentes que os acompañen.
- O profesorado de garda supervisará nos grupos de ESO a realización das tarefas encargadas polo profesorado participantes na saída ao alumnado que non asiste. Se a clase que queda sen atender é de Bacharelato, non será preciso establecer tarefas, e o alumnado poderá abandonar a aula co permiso do profesorado de garda.
- Cando as actividades supoñan un custo económico, o centro tratará, na medida da súa dispoñibilidade, de financiar unha parte. Se algún alumno ou alumna ten especiais dificultades para afrontar o gasto, pódese propoñer por parte do titor ou responsable da actividade que o centro se faga cargo do pago.
- A Vicedirección informará do calendario e horario concreto da actividade así como dos docentes que participan nela, para coñecemento do resto do profesorado que estea directamente afectado pola alteración do horario habitual. Así mesmo fará unha relación do alumnado que permanecerá no centro cando os seus compañeiros de grupo asistan a algunha actividade externa.

### **5.3. CONCRECIÓN DAS NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- a. Cada Departamento Didáctico entregará na Vicedirección unha relación das actividades complementarias e extraescolares que figuran na súa programación didáctica antes do 30 de setembro.
- b. A tal efecto entregarase a cada Xefe ou Xefa de Departamento na reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica unha folla resumo dos aspectos antes mencionados e unha táboa onde deberán introducir os datos fundamentais sobre as actividades proxectadas (Anexo II)
- c. Os Departamentos Didácticos programarán un número limitado de actividades (máximo 1 por grupo) coa fin de non distorsionar de modo notable as actividades académicas habituais. Procurarase que cada grupo non participe en máis de 12 actividades nun curso académico, organizadas polos diferentes Departamentos.
- d. Os departamentos de coordinación didáctica procurarán un reparto o máis equilibrado posible na distribución das actividades por niveis e grupos.
- e. Os Departamentos de Coordinación Didáctica evitarán, na medida do posible, programar actividades nos días previos ás sesións de avaliación. Ademais, non se programarán actividades a partir do 30 de abril (modificación do apdo. 1 do PEC), para non incidir no desesenvolvemento docente das diferentes materias no tramo final do curso. Constitúen unha excepción aquelas que deban celebrarse fóra dese marco temporal, como por exemplo, o Día das Letras Galegas e outras que por motivos diferentes (debidamente xustificadas) así o requiran.
- f. A partir das actividades programadas polos Departamentos, a Vicedirección confeccionará o Plan Xeral de Actividades, que incluírá todas aquelas que se tenña previsto realizar, de acordo cos criterios definidos no Proxecto Curricular no marco do Proxecto Educativo.
- g. Neste Plan Xeral contemplaranse actividades para diferentes conmemoracións sinaladas para o presente curso escolar pola Consellería de Educación e O.U. na *Orde do 13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/16 nos centros docentes sostidos*

As actividades deste tipo que non estiveran programadas por algún dos Departamentos Didácticos, serán programadas pola Vicedirección.

- h. O Plan Xeral de Actividades deberá contar coa aprobación do Consello Escolar.
- i. A Vicedirección dará ampla publicidade al Plan Xeral de Actividades entre o profesorado, propiciando así a colaboración e coordinación interdepartamental na realización de las mismas
- j. Informarase ao profesorado das actividades programadas, a fin de prever a incidencia das mesmas na actividade docente, mediante un cuadrante que estará colgado na Sala de Profesores no que se anotarán as actividades de cada mes, os cursos o alumnos participantes nas mesmas e a duración prevista en horas ou días. Anotaránse asimismo os nomes dos profesores acompañantes.

## **5.4. PROCEDEMENTO XERAL PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE**

### **5.4.1. CON CARÁCTER XERAL:**

- a. Toda actividade ten que contar con un Responsable Organizador, expresamente indicado, que asumirá as tarefas de organización e información inherentes á actividade.
- b. O profesor ou profesora Responsable Organizador reunirse –alomenos una semana antes da realización da actividade- coa vicedirectora para confirmar a iniciativa que, no caso xeral, xa se expuxo na programación inicial de curso. Concretarase o proxecto, indicando: o profesorado acompañante, os grupos ou cursos aos que vai dirixida, alumnado que participa na actividade, Obxectivos didácticos que se perseguen, custo da actividade e modo de financiación. No caso das actividades realizadas fora do centro, deberáse indicar tamén a Localización, rutas ou percorrido e Temporalización.



- c. O/A Responsable Organizador cumprimentará con estes datos un impreso deseñado a tal efecto (Anexo III que será remitido por correo electrónico á Vicedirección.

#### **5.4.2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENTRO DO CENTRO**

- a. O departamento organizador da actividade procurará, na medida do posible, que esta se desenvolva dentro da la franxa horaria da súa materia, a fin de que poidan facerse responsables dela. En caso contrario, será o profesorado afectado pola actividade o responsable de que o alumnado participe na mesma, permanecendo en todo momento co alumnado ao seu cargo. Dado o carácter curricular das mesmas, se a actividade complementaria se realiza dentro do centro, a participación do alumnado será obrigatoria. Por tanto, a inasistencia requerirá a adecuada xustificación.
- b. Os profesores que pola realización dunha actividade con un grupo non poidan impartir clase a outros grupos deberán deixarlles a estes tarefas para traballar nesa hora baixo a supervisión do profesorado de garda.
- c. O alumnado que participe nunha actividad ten que contribuir ao desenvolvemento normal da mesma, adoptando unha actitud de respecto e colaboración.
- d. As actividades complementarias se organizarán para grupos completos. Se a organización é dunha materia optativa procurárase coordinar coas outras optativas para causar a menor distorsión posible na organización das clases. A asistencia do alumnado é obrigatoria. O profesorado organizador velará porque asista todo o alumnado ao que vai dirixido.
- e. Por tratarse de actividades de centro, ao alumnado participante lle será de aplicación, durante o desenvolvemento da mesma, o que se recolle no RRI do centro, de acordo co [Decreto 327/2010](#), polo que se aproba o Reglamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, sobre dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as correspondientes correccións en caso de conductas inadecuadas.

- f. Procurarase que o desenvolvemento dunha actividade afecte ao menor número de horas lectivas posibles impartíndose o resto de las clases con normalidade.

### **5.4.3. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS FORA DO CENTRO QUE NON REQUIREN PERNOCTACIÓN FORA DO DOMICILIO HABITUAL**

- a. *Este* tipo de actividade requerirá a autorización expresa dos representantes legais do alumnado menor de idade, ou compromiso persoal, no caso do alumnado maior de idade
- b. O/a Responsable Organizador farase cargo do reparto e posterior recollida das preceptivas follas informativas da actividade para os pais e nais, xunto coa autorización correspondente segundo o Anexo IV. As autorizacións deberán entregarse na Vicedirección alomenos con catro días hábiles de antelación á saída. Iso permitirá comunicar ao profesorado se se produciu algunha variación no alumnado afectado respecto ás previsións iniciais e mesmo suspender a celebración da actividade se non se reúne o número ou porcentaxe de participantes establecido no regulamento.
- c. Unha copia destas autorizacións será remitida tamén á xefatura de estudos para ter en conta a repercusión da actividade en horarios, distribución de profesorado e actividade do alumnado que non saeu do centro.
- d. O criterio xeral que se recolle no PEC para a realización dunha actividade que requira a saída do centro é a participación de alomenos dous terzos do alumnado. Dependendo da composición dos grupos, o custo de actividades e algún outros criterios que se veñen aplicando en cursos anteriores, pode autorizarse a actividade cunha participación menor do alumnado.
- e. Requerirase a presenza dun profesor ou profesora por cada 20 alumnos participantes na actividade, preferentemente a partires dun mínimo de dous profesores.

- f. Os profesores responsables da actividade teñen a obriga de estar comunicados co centro, a fin de solucionar os problemas que poideran xurdir.
- g. No caso das actividades realizadas fora do centro, unha vez realizada asaída, o profesorado responsable da actividade debe entregar na xefatura de estudos un informe que inclúa as ausencias rexistradas na relación prevista de asistentes e, se fose o caso, as incidencias. A xefatura de estudos controlará se as devanditas ausencias teñen xustificación.
- h. O alumnado non participante na actividade deberá asistir ao centro de maneira obrigatoria e o profesorado de garda controlará a súa asistencia e a realización des tarefas establecidas.
- i. O profesorado responsable da actividade reunirse coa vicedirección para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos e para estudar posibles modificacións tendentes a mellorar resultados en posteriores actividades.
- j. O/a Responsable Organizador da actividade deberá velar polo cumprimento do programado e, unha vez finalizada, realizará unha avaliación da actividade segundo o modelo Anexo 5, que será entregada á Vicedirectora. Trátase de valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos e posibles modificacións tendentes a mellorar resultados en posteriores actividades.

#### **5.4.4. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS FORA DO CENTRO QUE REQUIREN PERNOCTACIÓN FORA DO DOMICILIO HABITUAL**

- a. Toda actividade terá unha repercusión máxima de cinco días lectivos, exceptuando os intercambios con centros escolares no estranxeiro e os que se encadren en convocatorias específicas da Administración.
- b. Previamente ao desenvolvemento dunha actividade extraescolar, que implique pernoctar fora da localidade, o Profesorado Responsable Organizador informará con antelación suficiente aos pais e alumnado participante sobre o lugar e horario de saída e chegada, as actividades a realizar, os obxectivos que se pretenden, as normas básicas de convivencia

que regulan estas actividades e os trámites necesarios para o seu desplazamiento.

c. O alumnado que participe neste tipo de actividades debe comportarse con corrección, asistir a todos os actos programados e seguir as indicacións dos profesores acompañantes.

d. O alumnado no poderá separarse do grupo ou ausentarse do hotel ou residencia, sen a previa comunicación e autorización dos adultos acompañantes.

e. Os alumnos e alumnas non poderán alugar ou utilizar vehículos a motor diferentes aos previstos para o desenvolvemento da actividade, e nin desprazarse a localidades ou lugares distintos aos programados, ni realizar actividades deportivas ou de outro tipo que impliquen risco para a súa integridade física ou para os demais.

f. O comportamento do alumnado no hotel, residencia ou coa familia receptora, deberá ser correcto, respectando as normas básicas de convivencia e evitando situacións que poidan xerar tensións ou producir danos personais ou materiais (non alterar o descanso dos restantes hóspedes, non producir destrozos no mobiliario e dependencias do hotel, non consumir produtos alcohólicos ou estupefacientes de calquera tipo, non participar en actos de vandalismo ou bromas de mal gusto).

g. Dos danos causados a personas ou bes alleos serán responsables os alumnos ou alumnas causantes. De non identificalos, a responsabilidade recaerá no grupo de alumnos directamente implicados o, en su defecto, en todo el grupo de alumnos participantes na actividade. Por tanto, en caso de seren menores de idade, serán os pais ou titores legais destes alumnos a quenes corresponda reparar os danos causados.

h. No caso de condutas inadecuadas considerarase agravante o feito de desenvolverse a actividade fora do centro, por canto pode supoñer de comportamento insolidario co resto dos seus compañeiros e compañeiras, falta de colaboración e incidencia negativa para a imaxe do centro educativo.

i. Se a gravidade das condutas inadecuadas así o requirira, el Responsable Organizador comunicará tal circunstancia á Xefatura de Estudos ou á Dirección do Centro, que poderá decidir o inmediato regreso das personas responsables desas condutas. Neste caso, a decisión será comunicada aos

pais ou titores dos alumnos afectados, acordando con eles a forma de efectuar o regreso. Os gastos ocasionados serán abonados pola familia do alumno.

j. Nas autorizacións das familias para a participación en Actividades fora do centro, incluírase unha referencia para poida constar cualquera circunstancia a ter en conta en relación co estado de saúde do alumnado, de maneira que os responsables da actividade poidan tomar as medidas adecuadas para a prevención de calquera incidencia ao respecto durante a viaxe.

## **6. FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Para o financiamento destas actividades empregaranse os seguintes recursos económicos:

- A dotación económica prevista nos orzamentos do Centro procedentes da asignación que recibe o centro da Consellería de Educación e Ciencia en concepto de gastos de funcionamento.
- As cantidades procedentes dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma asignados con carácter específico para este tipo de actividades.
- As cantidades que poidan recibirse de calquera Ente público ou privado.
- As achegas da Asociación de Pais e Nais do Instituto.
- As achegas realizadas polo alumnado.

Os alumnos e alumnas efectuarán o pago de cada actividade na forma que determinen o Responsable Organizador da mesma. Unha vez efectuado o pago, de forma parcial ou total, non haberá dereito a devolución salvo causa de forza maior plenamente xustificada e a condición de que non repercuta negativamente no custo final a pagar polo resto dos participantes.

En aras da igualdade de oportunidades e para evitar que ningún alumno deixe de realizalas por motivos económicos, decídese becar a aqueles alumnos que o necesiten, previa solicitude en Vicedirección. A Comisión que analiza as peticións presentadas e outorga ou non as bolsas, está formada polo Vicedirector, o Xefe do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares e o Orientador do Centro.

## 7. RECURSOS

Repetimos, en síntese, o xa manifestado na memoria final de curso. Os recursos co que contamos son esencialmente os humanos: a xenerosa disposición do profesorado para organizar actividades a miúdo incómodas e laboriosas pero que consideran que redundan positivamente na formación integral dos alumnos.

No capítulo dos recursos materiais, se a actividade supón un custe –sexa por transporte ou entrada a algún museo ou espectáculo- normalmente o aboará o participante, agás que teña moitas dificultades económicas, entón pagarao o centro.

## 8. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2017-18

O amplo elenco de actividades abarca dende las complementarias de carácter anual, ás actividades complementarias de carácter específico, as actividades deseñadas polos diferentes departamentos, e as actividades extraescolares, incluíndo as de carácter artístico e deportivo, así como a celebración de eventos.

### 8.1. COMPLEMENTARIAS DE CARÁCTER ANUAL:

Adoita ser labor do Departamento de Orientación facer unha selección entre das actividades ofertadas polas distintas administracións e ONGs para ser impartidas, sobre todo, en horas de titorías. Estas actividades modifícanse cada ano e son revisadas polo Departamento de Orientación e, en moitas ocasións, polo Departamento didáctico ao que atinxe de maneira máis cercana. Contamos, polo tanto, co asesoramento profesional destes Departamentos didácticos para evitar contradicións co currículo impartido no Centro. Presentamos a proposta provisional (ao longo do curso adoita suceder que se amplíe a oferta, que debe ser sometida de novo á consideración do Consello Escolar) deste tipo de actividades para o presente ano

### PROPOSTA DE PROGRAMAS DE EDUCACIÓN EN CONTIDOS TRANSVERSAIS PARA SER IMPARTIDOS NAS TITORÍAS (PAT)

## **8.2. COMPLEMENTARIAS DE CARÁCTER ESPECÍFICO:**

Trátase de actividades deseñadas para diferentes conmemoracións relevantes para a comunidade educativa. No Artigo 8.1 da ORDE do 08 de xuño de 2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/16 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG do mercores, 17de xuño de 2015) se establece que “Durante o curso escolar celebraránse, como mínimo, as seguintes conmemoracións”, que presentamos ordenadas nun cronograma.

SETEMBRO	
OUTUBRO	
NOVEMBRO	Día 25: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
DECEMBRO	Do 1 ao 11: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia  Día 10: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
XANEIRO	Día 30: Día Escolar da non violencia e da Paz
FEBREIRO	
MARZO	Día 8: Día Internacional da Muller Traballadora Do 7 ao 11: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais. Día 15: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor

ABRIL	7 de abril: Día Mundial da Saúde Entre o 18 e o 22 de abril: Día do Libro
MAIO	Día 9: Día de Europa Do 9 ao 17: Semana das Letras Galegas
XUÑO	Día 5: Día Mundial do Medio Ambiente.

### **8.3. ACTIVIDADES DESEÑADAS POLOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS.**

O feito de que en bastantes casos aparezan nun mesmo seminario dúas e ata tres actividades para o mesmo grupo débese a prever a posibilidade de que falle algunha ou non se acade no grupo o total de doce actividades por curso académico e iso permita, con carácter excepcional, outra do mesmo departamento didáctico.

## **BIOLOXIA.**

### **1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Proposta de actividades complementarias

Actividade	Curso	Breve descrición	Data	Custe
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais e</b>	Material gráfico e camisolas
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	100 euros

## 8. Coa lingua na lingua

<b>Actividade 8.1</b>	<b>Asistencia ao evento Lgx15</b>
<b>Obxectivos</b>	Fomentar as destrezas orais e desfrutar da nosa lingua
<b>Destinatarios</b>	Alumnado que pertence ao EDL
<b>Temporización</b>	9 de novembro de 2017
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais e</b>	-
<b>Outros</b>	Entradas
<b>Orzamento</b>	24 euros

<b>Actividade 8.2</b>	<b>Asistencia ao teatro</b>
-----------------------	-----------------------------



<b>Obxectivos</b>	Fomentar as destrezas orais e desfrutar da nosa lingua
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 3º ESO
<b>Temporización</b>	Primeiro trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais e</b>	Entradas
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	200 euros

<b>Actividade 8.3</b>	<b>Contacontos</b>
<b>Obxectivos</b>	Desfrutar coa lingua e traballar a destreza receptiva oral
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1º e 2º ESO
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais e</b>	Caché
<b>Outros</b>	
<b>Orzamento</b>	250 euros

<b>Actividade 8.4</b>	<b>Actuación de Daniel Moreiras</b>
<b>Obxectivos</b>	A lingua como reflexión e divertimento
<b>Destinatarios</b>	Alumnado de 4ESO e BACH
<b>Temporización</b>	Maio 2018
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de lingua
<b>Recursos materiais e</b>	
<b>Outros</b>	
<b>Orzamento</b>	150 euros

<b>Actividade 8.5</b>	<b>Asistencia ao festival de teatro Intercentros organizado polos EDL da cidade</b>
<b>Obxectivos</b>	Desfrutar coa expresión artística na nosa lingua
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	3ºtrimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	60

<b>Actividade 8.6</b>	<b>Participación no Tíralle da lingua</b>
<b>Obxectivos</b>	Fomentar a expresión oral
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	anual
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	

## 9. A lingua nos medios de comunicación

<b>Actividade 9.1</b>	<b>Encontro con Xosé Manuel Piñeiro</b>
<b>Obxectivos</b>	Ofrecer modelos sociais e culturais que sirvan de espello para toda a comunidade escolar e axude a superar visións estereotipadas do noso idioma
<b>Destinatarios</b>	Alumnado de Bach
<b>Temporización</b>	2º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 9.2</b>	<b>Encontro con Belén Regueira, xornalista RTVG, “Eu, neofalante”</b>
<b>Obxectivos</b>	Ofrecerlle ao alumnado non galegofalante modelos cos que se poidan identificar
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

## 10. Coa lingua de paseo

<b>Actividade 10.1</b>	<b>Colaboración co proxecto “Club de Ciencia que se desenvolve no centro</b>
<b>Obxectivos</b>	Facer máis agradable os espazos do centro; dende o EDL traballarase toda a parte lingüística do mesmo
<b>Destinatarios</b>	Todo o alumnado ESO
<b>Temporización</b>	Plurianual (2º ano)
<b>Responsables</b>	Todos os departamentos
<b>Recursos materiais</b>	Pintura, cartaces,...
<b>Outros</b>	
<b>Orzamento</b>	200 eurs

<b>Actividade 10.2</b>	<b>Roteiros culturais</b>
<b>Obxectivos</b>	Implicar o alumnado no coñecemento activo da

	nosa cultura
<b>Destinatarios</b>	Todo o alumnado
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais e</b>	Transporte
<b>Outros</b>	
<b>Orzamento</b>	300 euros

<b>Actividade 10. 3</b>	<b>Colaboración no Magosto</b>
<b>Obxectivos</b>	Valoración do popular
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade
<b>Temporización</b>	novembro 2017
<b>Responsables</b>	Equipo directivo e EDL
<b>Recursos materiais e</b>	--
<b>Outros</b>	
<b>Orzamento</b>	

8.4. Actividades complementarias do instituto coincidindo cos fins de trimesre:

21-12-2017: Festival de Nadal. En horario de 10:30 a 12:00.

09-02-2018: Festival de Entroido. En horario de 10:30 a 12:00.

21-06-2018: Festival de Fin de Curso. En horario de 10:30 a 12:00.

**A.**

2018

lades.

de 17:00 a 18:30 Fotografía.

s de 18:00 a 19:30 Bádminton.

res de 17:00 a 18:30 Xadrez

### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

in carácter voluntario para o alumnado, pero tamén para o profesorado organizador e acompañante. A p  
actividades non compromete pois ao profesorado na súa realización, de modo que o profesor que as c  
decidir sobre a realización ou non das mesmas, en función das condicións que se consideran necesarias pa  
práctica

vidades extraescolares, cando unha familia non cumpra algún dos compromisos adquiridos na organizació  
medará excluída en diante de participar nas viaxes e intercambios que organice o Centro.

s das actividades máis consolidadas son:

a cultural a París.

ativa frecuencia organismos alleos ao centro invitan a moi interesantes actividades que dende o centro prever nos inicios do curso. Por iso indicamos aquí que se o interese das mesmas o recomenda, ten algunhas delas co noso alumnado

Adicionais excursións de fin de curso, que se fan en distintos niveis, pero especialmente en 1º e 4º de ESO, alato son unha mestura de celebración lúdica e contidos culturais que queremos manter no centro, polo que imos de maneira global para aprobación do Consello Escolar. Os datos concretos sobre destinos, datas, etc. actualmente non se poden sinalar aínda.

Os departamentos especiais como os de Orientación, Biblioteca y Dinamización lingüística soen crear documentación aquí unicamente incluímos os que requiren saída do centro.

A relación de actividades, que ía acompañada polas notas complementarias que se ven máis arriba foi aprobada polo Consello Escolar.

## EXOS

Se deseñan cinco documentos complementarios.

Relación de conmemoracións sinaladas para o presente curso escolar pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/15 nos centros docentes públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

**de solicitud autorización e comunicación dos departamentos á vicedirección de autorización familiar para participación do fillo ou filla en actividade extraescolar.**

### ANEXO I (Modelo Optativo)

<b>PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES CURSO 2017-2018</b>
<b>DEPARTAMENTO DIDÁCTICO:</b>

ase de novo que cada departamento pode programar unha actividade para cada grupo (non unha por trimestre). Iso débese reflectir na táboa. Se podedes conciliar as datas, facilítase a organización xeral das actividades no centro.

no caso de Observacións ou no cadro seguinte podedes incluír outros proxectos para diferentes grupos, por se fallan os primeiros ou se puidese realizar excepción a outra actividade (todas elas serán presentadas ao Consello Escolar e sometidas á súa aprobación; por iso hai que detallar tamén os datos destas propostas).

Actividade	Curso	Grupo	Com	Ext	Data (ou trimestre)	Custe
	1º ESO	A				
	1º ESO	B				
	1º ESO	C				



**SOLICITUDE DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES CURSO 2017-2018****DEPARTAMENTO DIDÁCTICO:**

Obxectivos didácticos:

Breve descripción da actividade:

Material necesario para o alumnado:

Custe (en euros):

Forma de pago:

Observacións:

**ANEXO III (Obrigatorio)****AUTORIZACIÓN POR PARTE DOS PAIS OU TITORES LEGAIS DE ASISTENCIA A ACTIVIDADE COMPL. OU EXTRAESCOLAR 2017-2018**

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

PROFESORADO RESPONSABLE:

Tipo de actividade: o Complementaria

o Extraescolar

DATA DE CELEBRACIÓN:

CURSOS E GRUPOS AFECTADOS

DEPARTAMENTO:

Breve descripción da actividade:

Material necesario para o alumnado:

Custe (en euros):

Forma de pago:

OBSERVACIÓNES:



ANEXO IV (Modelo Optativo)

**TÍTULO DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA**      **2017-2018**

Actividade:

Objetivos:

Responsable Organizador/a:

Alumnos/as que participaron na actividade (relación nominal):

Fóra do centro

Itinerario:

Nº de alumnos/as participantes:

¿Adequada para este nivel?

¿A que grupos podería propoñérselle esta actividade?:

¿Realizouse a actividade:

¿En que data? (Indicar data alternativa):

¿Por que non se cumpriron (se é o caso):

¿Se as visitas cambiaría algúns obxectivos por:

Medios utilizados:

¿Necesita outro transporte máis adecuado? Indicar:

durante o traxecto:

Observacións:

¿Informado?

¿Necesita outro tipo de aloxamento máis adecuado? Indicar:


Observacións:

**VALORACIÓN GLOBAL DA ACTIVIDADE (De 1 a 5)**

# PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO



**IES XELMIREZ II  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
2017-2018**



## SUMARIO

1) Marco legal .....	3
2) Constitución e composición do EDLG .....	5
3) Estudo sociolingüístico do centro .....	6
3. 1 Contorna do centro	
3. 2 Situación do profesorado	
3. 3 Situación do alumnado	
3. 4 Outros sectores	
4) Obxectivos xerais .....	8
5) Descrición das actividades segundo os obxectivos .....	10
6) Plan de avaliación do proxecto .....	25

## 1. MARCO LEGAL

Este proxecto fundaméntase na normativa legal sobre as linguas e na realidade sociolingüística que existe no propio centro. No curso pasado presentamos o proxecto en base á Orde do 29 de decembro de 2016 pola que se anunciaba a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego nos centros de titularidade pública de Galicia. Para este aínda non sabemos.

As actividades e os proxectos de fomento do uso da lingua galega nacen ao abeiro da Lei 3/1983 de normalización lingüística que ten como un dos seus obxectivos a promoción do uso do idioma galego nos centros educativos e son as autoridades educativas da Comunidade Autónoma as que arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.

A mesma Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2º e 148.1º.17 da Constitución Española e mais do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia sexa lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (artigo 12).

Ademais no artigo 14 da citada lei establécese expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados. No parágrafo tres do mesmo artigo, encoméndaselles ás autoridades educativas da comunidade autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos, nos que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Igualmente, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia na súa sesión do día 22 de setembro de 2004, reitera a necesidade de promover medidas favorables para o galego de cara a conseguir equiparar o nivel de competencia lingüística do alumnado en lingua galega e en lingua castelá, así como para corrixir a situación social de desigualdade entre os dous idiomas, polo que a Administración educativa debe desenvolver e apoiar aquelas medidas que axuden a incrementar o uso da lingua galega na comunidade educativa.

O Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. Este decreto pretende reforzar a dimensión comunicativa do galego en todos os contornos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística do centro.

Con ese obxectivo e amparándose na orde do 25 de xuño de 2010, este centro presenta un programa de actividades de fomento da lingua galega que se incorpora ao proxecto lingüístico do centro e que conta coa participación da comunidade educativa poñendo atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

O Equipo de dinamización da lingua galega do IES "A. Xelmírez II" créase ao abeiro do artigo 15 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, co papel que o mesmo artigo dispón: *Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos (...) terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega.*

Para poder cumprir tal obxectivo hai que ter en conta a todos os sectores implicados: o alumnado e os seus respectivos núcleos de convivencia, o profesorado e o persoal non docente, porque a normalización do uso das linguas nun centro escolar non se poderá levar adiante se non hai vontade nos distintos estamentos. E se é importante o labor da dirección non o é menos o papel do claustro do profesorado para que este equipo poida coordinar as distintas propostas e levar adiante novos proxectos.

O equipo de dinamización da lingua galega non está para prohibir, obrigar ou vixiar senón que, a partir da situación sociolingüística do centro, elaborará o proxecto de fomento de uso da lingua galega que fixe uns obxectivos a curto, medio e longo prazo coa perspectiva de favorecer a convivencia entre os idiomas, o seu uso normal e a competencia comunicativa nos mesmos.

## **2. CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN DO EDLG**

Os distintos equipos de dinamización da lingua galega do IES "A. Xelmírez II" veñen realizando múltiples actividades en pro da lingua galega desde a súa creación no curso académico 1996-1997.

No presente curso 2017-2018 este equipo, seguindo o estipulado no Decreto 79/2010 que regula a presenza do galego no ensino non universitario, está formado por:

### Profesorado:

Xaime Varela Sieiro (coordinador, departamento de Lingua Galega)

M<sup>a</sup> del Carmen Cid García ( Dpto. Matemáticas)

Ana Felpeto (Dpto.Lingua Castelá)

J. Ferreira (Departamento Tecnoloxía)

Antonio Mascareñas Alonso ( Dpto. Xeografía e Historia)

Amancio Pampín (Dpto. Xeografía e Historia)

Teresa Pallarés (departamento Matemáticas)

Paulino Vázquez Vázquez ( Dpto. Lingua Galega)

Xosefa Sánchez (departamento de Lingua Inglesa)

David Ponte (Dpto. Bioloxía)

### Alumnado:

Noa Feáns (2ESO)

Antón Etxeita Bravo ( 3º ESO)

Alba Pampín (3ESO)

Iria Insua (3ESO)

María García (2BACH)

Pablo Pampín (2BACH)

Eva Carollo (2BACH)

Yadhira González (2BACH)

A. Antía Sónora (2BACH)

Patricia Otero (2BACH)

Noa Insua (2ºBACH)

IES XELMÍREZ 2 (EDL '17-18)

David Pampín (2º BACH)

Martín Sende (1ºBACH)

Pablo Chico (1º BACH)

Persoal non docente : M<sup>a</sup> José Moar Álvarez

### **3.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO**

Para coñecer a realidade sociolingüística do centro tivemos en conta.

#### **3.1. O contorno do centro**

O IES "A. Xelmírez II" é un centro público de ensino secundario e bacharelato que está situado nunha zona periférica ao norte de Santiago, en Salgueiriños.

De cara á situación lingüística do barrio podemos salientar a presenza dunha porcentaxe de poboación de maior idade, maioritariamente galego-falante, pero que vai diminuindo nas últimas décadas coa presenza de familias novas en zonas urbanizadas recentemente nos arredores deste centro de ensino, onde o castelán parece ter maior presenza en xeral que o galego.

Por outra banda, hai unha alta porcentaxe de alumnado procedente doutros concellos (Trazo, Oroso) e zonas limítrofes (A Sionlla, Berdía, Polígono do Tambre, Grixoa) que ten o galego como lingua predominante no seu entorno.

Hai tamén un pequeno sector formado por familias de etnia xitana ou inmigrantes que non utilizan habitualmente a lingua galega.

#### **3.2. Situación do profesorado**

O perfil sociolingüístico do profesorado segue a ser heteroxéneo en canto ao uso do galego e castelán.

- Segundo se desprende dos datos da enquisa na que participou o 65% do profesorado, o 65% do mesmo usa a lingua castelán e galega indistintamente mentres que soamente o 35% usa exclusivamente a lingua galega.
- O 80% do profesorado pensa que ten unha capacitación media ou alta para impartir as súas clases en galego.
- En canto ao ensino en galego nas aulas, a metade do profesorado opina que isto axuda a aumentar o prestixio social da lingua galega mentres que a outra metade é indiferente ao respecto.

#### **3.3. Situación do alumnado**



O alumnado do IES "A. Xelmírez II" procede maioritariamente da zona rural do norte de Santiago (A Sionlla, Trazo, Oroso) e dos barrios periféricos da cidade (Vite, Vista Alegre, Cruceiro da Coruña). Coexisten tres grupos ben diferenciados en relación ao uso da lingua:

- O 55% do alumnado procede de núcleos rurais e estudou o ensino primario nos centros escolares de A Sionlla, Trazo e Sigüeiro. É un grupo galego-falante de orixe que utiliza a lingua galega na súa unidade de convivencia e que mantén o uso do galego ao incorporarse ao instituto excepto un 7% que cambia a castelán no seu acceso ao centro.
- O 45% do alumnado procede de barrios periféricos de Santiago e estudou nos CEIPs López Ferreiro, Vite e Apóstol Santiago. Deste grupo o 53% utilizan a lingua galega no ámbito familiar pero diminúe a porcentaxe ao 39% ao incorporarse ao centro educativo.
- Fóra destes dous grandes grupos tamén temos que considerar aquel alumnado de familias inmigrantes e de familias de etnia xitana, con menor coñecemento da lingua galega, e aqueloutro de familias emigrantes retornadas con algún coñecemento da lingua galega a nivel oral pero sen coñecemento escrito. Estes tres subgrupos manifestan pouco interese cara a adquisición e uso da lingua galega.

Polo tanto, segundo se desprende das enquisas o 60% dos alumnos falan galego na familia, porcentaxe que diminúe ao 48% ao chegar ao centro educativo. Daquela é evidente que o centro de estudos constitúe un foco castelanizador.

### **3.4. Outros sectores**

A situación lingüística do centro ademais dos sectores devanditos tamén está configurada pola lingua de uso do persoal non docente e de servizos que neste caso utiliza maioritariamente o galego como lingua habitual.

A dirección do IES "A. Xelmírez II", tal como o establece a lexislación vixente, ten como lingua de uso e comunicación tanto no seu uso oral como no escrito a lingua galega.

Con todo, aínda que a lingua galega sexa a predominante de forma oficial e nos usos formais no centro, nas interaccións espontáneas entre os distintos sectores da comunidade educativa segue existindo situacións diglósicas.

#### **4. OBXECTIVOS XERAIS**

- Incrementar e consolidar as destrezas comunicativas en lingua galega en toda a comunidade escolar do IES Xelmírez II e, sobre todo, promovelos como lingua vehicular nas distintas materias.
- Manter e elevar o grao de identidade coa nosa lingua por parte do alumnado do IES Xelmírez II e consolidar os usos orais en todas as súas funcións, en tanto que centro pertencente a un contexto semirurbano cunha alta porcentaxe de galegofalantes mais cun importante risco de desgaleguización.
- Deter e corrixir certas actitudes que parecen apuntar cara a certos comportamentos diglósicos xa reais xa potenciais por parte do noso alumnado e detectar e corrixir certos prexuízos que se enxergan cara á nosa lingua.
- Fomentar e apoiar a idea de que a lingua galega é tamén un instrumento para difundir non só a cultura de Galicia senón tamén a cultura universal en calquera área e en calquera nivel.
- Incorporar á lingua aos inmigrantes ou emigrantes retornados que, van configurando tamén o noso alumnado.
- Posibilitar que os neofalantes se atopen cómodos e satisfeitos co esforzo realizado para relacionarse nunha lingua á que non están habituados.
- Facer visible o noso traballo na contorna e estender as redes a outros centros e entidades.
- Colaborar con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Pór en valor a lingua galega nas tecnoloxías da información e da comunicación.

- Presentarlle ao alumnado distintas propostas creativas, artísticas, literarias ou culturais en lingua galega ou que teñan como fundamento a nosa literatura e, en xeral, a nosa cultura e que lles sirvan de referentes de cualidade e prestixio.
- Colaborar con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración

#### **4.1. Atendendo ao contorno**

- Facer partícipe ao barrio daquelas actividades que se fagan no centro.
- Incluír nas actividades do equipo aquelas que estean relacionadas co contorno no que está o instituto.
- Procurar os axentes sociais da zona que poidan contribuír no desenvolvemento do proxecto.
- Incorporar as propostas xurdidas no centro a outros contornos de influencia.
- Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan mergullarse no universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Coñecer a normativa oficial, tanto estatal como autonómica, a respecto da toponimia galega, nas formas legais e correctas dos nomes dos accidentes xeográficos, dos lugares, das vilas, e das cidades, así como dos nomes das persoas, evitando toda posible tradución

#### **4.2.- De cara ao profesorado**

- Incentivar o emprego oral do galego entre o profesorado nas aulas e fóra delas.
- Comprometer o profesorado das distintas áreas para que todo cartel, traballo ou información sexa escrito en lingua galega.
- Colaborar co profesorado en todas cantas actividades programen nas que se precise a participación do equipo de dinamización.
- Superar a existencia de determinados prexuízos e estereotipos lingüísticos sobre a viabilidade do idioma galego a propósito da súa capacidade para constituírse en vehículo de produción e transmisión cultural, científica e técnica
- Coñecer e reflexionar non só sobre a situación sociolingüística da contorna do alumnado senón tamén de toda Galicia.

### 4.3.- De cara ao alumnado

- Implicar o alumnado no deseño de actividades de dinamización do centro.
- Organizar concursos atractivos para a mocidade
- Facer partícipe o alumnado en cantas campañas de sensibilización sobre o uso da lingua haxa.
- Incluír na páxina do EDLG as achegas do alumnado do equipo.
- Intentar que todo o alumnado do centro adopte unha actitude positiva cara á lingua.
- Servir de apoio e incentivo para que o alumnado inmigrante valore, aprenda e poida chegar a utilizar a lingua galega.
- Promover e desenvolver no alumnado a preferencia polas destrezas activas ou produtivas na nosa lingua
- Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía e teatro, prestando especial atención á literatura xuvenil e a aqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.
- Intentar que o noso alumnado se decate das posibilidades que a nosa lingua ten para cumprir a función internacional

### 4.4.- Atendendo ao centro

- Continuar na elaboración do deseño e planificación do proxecto lingüístico do centro con cantas propostas e cambios sexan necesarios xa que é un proxecto vivo.
- Colaborar cos distintos sectores en cantas actividades e propostas se realicen facendo uso da lingua galega.
- Colaborar coa dirección do centro nos proxectos a favor da lingua galega que presenten.
- Protexer lingüística e socialmente o noso alumnado, sobre todo, o galegofalante.
- Contribuír á normalización cultural e lingüística de todas as áreas da ESO e do Bacharelato, fóra da propia Lingua e Literatura Galega, e minguar atrancos e resistencias que persisten no noso ámbito educativo e social, sobre todo, na súa contorna.
- Fomentar e apoiar de xeito dedicado a normalización da nosa lingua na administración do centro e, sobre todo, na ANPA e/ou, no caso de non constituírse, entre os pais/nais

## 5. ACTIVIDADES

O equipo de EDLG deseñou para o curso 2017-2018 unha serie de medidas para levar a cabo que teñen como obxectivo a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) e ao contorno do noso centro.

As diferentes actividades van propostas para grupos determinados ou etapas, pero poden sufrir variacións, condicionadas polas necesidades do Centro e por necesidade de axustes no proceso educativo. Do mesmo xeito, a experiencia indica que ao longo do curso aparecerán novas propostas dos diferentes membros da comunidade escolar e das entidades e asociacións colaboradoras que enriquecerán este proxecto e que se incluírán debidamente na memoria de fin de curso.

Por outra banda presentamos as actividades organizadas ao redor dun amplo abano de temas co fin de amosar, fundamentalmente, que a nosa lingua é válida para vehicular calquera tipo de contidos:

## 1. Coa lingua nas TIC

<b>Actividade 1.1</b>	<b>Mantemento de Lingua X2: blog, páxina facebook, twitter e canle Youtube do EDL</b>
<b>Obxectivos</b>	Informar das actividades da equipa e pór en valor o uso da lingua nas TIC
<b>Destinatarios</b>	Toda a comunidade
<b>Temporización</b>	Todo o curso
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	Equipos informáticos do centro
<b>Outros</b>	Xa en funcionamento
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 1.2</b>	<b>Youtubeir@s</b>
<b>Obxectivos</b>	Creación de videotutoriais en lingua galega
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1Bach/ todo o alumnado
<b>Temporización</b>	anual
<b>Responsables</b>	EDL e J. Ferreira
<b>Recursos e materiais</b>	Equipos informáticos do centro
<b>Outros</b>	Programa en colaboración co Departamento de Lingua do Concello de Santiago de Compostela para logo convidar a todo o alumnado a participar nese concurso
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 1.3</b>	<b>Creación dunha canle de booktubers e gamers</b>
<b>Obxectivos</b>	Fomentar a lectura en galego e asociala a

	creacións audiovisuais elaborando vídeos sobre libros (booktrailers, booktags, wrapups,...) e sobre videoxogos (gamers)
<b>Destinatarios</b>	Todo o alumnado
<b>Temporización</b>	anual
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de informática
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 1.4</b>	<b>Apoio na organización e titorización do concurso do centro “Ofelia Devesa” consistente na realización dunha curta documental que divulgue un proxecto de I+D</b>
<b>Obxectivos</b>	Fomentar a divulgación científica en formato audiovisual
<b>Destinatarios</b>	Todo o alumnado
<b>Temporización</b>	2º e 3º trimestre
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, departamento de Ciencias, de Tecnoloxía, de Lingua
<b>Recursos e materiais</b>	
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 1.5</b>	<b>Intercambios vía skype co alumnado de lingua galega do IE Cañada Blanch de Londres</b>
<b>Obxectivos</b>	Poñer en valor a nosa lingua
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1ºESO
<b>Temporización</b>	2ºtrimestre
<b>Responsables</b>	EDL e Departamento de Lingua
<b>Recursos e materiais</b>	ordenador
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 1.6</b>	<b>Realización compartida con outros centros de materiais on line: subtulado de vídeos musicais galegos usando a app dotsub e de comics con toondoo co EDL do IES Félix Muriel tras</b>
-----------------------	---

	<b>intercambios de mensaxes coa coordinadora do seu EDL para máis actividades.</b>
<b>Obxectivos</b>	Dar a coñecer as nosas expresións artísticas
<b>Destinatarios</b>	Todo o alumnado
<b>Temporización</b>	Todo o ano
<b>Responsables</b>	EDL e Dep. De Lingua
<b>Recursos e materiais</b>	
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 1.7</b>	<b>Actividades compartidas de gamificación: realización colectiva de kahoots co EDL do CPI Manuel Padín Truiteiro</b>
<b>Obxectivos</b>	Vencellar lingua e tecnoloxía e diversión
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1ºESO
<b>Temporización</b>	anual
<b>Responsables</b>	EDL e Dep. tecnoloxía
<b>Recursos e materiais</b>	
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

## 2. Coa lingua na ciencia

<b>Actividade 2.1</b>	<b>Celebración do día da Ciencia en galego: conferencia do investigador Luis Sampedro “A Antártida, continente extremo”</b>
<b>Obxectivos</b>	Elaborar contidos científicos na nosa lingua
<b>Destinatarios</b>	1º e 3ESO
<b>Temporización</b>	31 de outubro
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Ciencias
<b>Recursos e materiais</b>	
<b>Outros</b>	Colaboración coa Misión Biolóxica de Galicia-CSIC
<b>Orzamento</b>	

<b>Actividade 2.2</b>	<b>Conferencia de Xurxo Mariño Gago. “Vivir nunha base na Antártida”</b>
<b>Obxectivos</b>	Desenvolver a idea de que a nosa lingua é apta para calquera tipo de coñecementos e contribuír á súa

	prestixización.
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 2º ESO e 4º ESO
<b>Temporización</b>	1º trimestre (decembro 2017)
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Ciencias
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Colaboración Universitat de les Illes Balears.
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 2.3</b>	<b>Conferencia de Xurxo Mariño: Neurociencia para Julia.</b>
<b>Obxectivos</b>	Promover o uso do galego no ámbito científico
<b>Destinatarios</b>	Alumnado de 1BACH
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Ciencias e Filosofía
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 2.4</b>	<b>Obradoiro de Química: “Motores de hidróxeno” impartido por D. Socorro Castro (profesora UDC)</b>
<b>Obxectivos</b>	Vehicular contidos científicos en lingua galega e superar prexuízos de rol
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Física e Química
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Colaboración coa UDC
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 2.5</b>	<b>3 Conferencias programa “A ponte” da USC</b>
<b>Obxectivos</b>	Vehicular contidos científicos en lingua galega e superar prexuízos
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	2º e 3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Colaboración coa USC



<b>Orzamento</b>	-
------------------	---

### 3. Coa lingua no cine e na fotografía

<b>Actividade 3.1</b>	<b>Proxección de “Encallados” e coloquio co seu director Alfonso Zarauza, veciño do barrio.</b>
<b>Obxectivos</b>	Consolidar usos orais e comprobar a validez da nosa lingua para todos os ámbitos
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 4ºESO e 1ºBach
<b>Temporización</b>	1º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Caché
<b>Orzamento</b>	100 euros

<b>Actividade 3.2</b>	<b>Proxección de “Esquece Monelos” e coloquio coa súa directora, a alófona Ángeles Huerta</b>
<b>Obxectivos</b>	Consolidar usos orais e mostrar como a nosa lingua é de interese para os non galegos
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	10 de novembro 2017
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Caché
<b>Orzamento</b>	100 euros

<b>Actividade 3.3</b>	<b>Obradoiro audiovisual con Jaione Camborda, directora vasca asentada en Galicia.</b>
<b>Obxectivos</b>	Mostrar como a nosa lingua é de interese para os non galegos e válida para calquera uso
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	2º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos e materiais</b>	Aula de informática
<b>Outros</b>	Caché

<b>Orzamento</b>	100 euros
------------------	-----------

<b>Actividade 3.4</b>	<b>Obradoiro de fotografía con Alberte Branco</b>
<b>Obxectivos</b>	Asociar lingua con contidos audiovisuais e atractivos para o alumnado
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais e</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Caché
<b>Orzamento</b>	100 euros

<b>Actividade 3.5</b>	<b>Presentación da curta “Matria” de Álvaro Gago e conversa co seu director.</b>
<b>Obxectivos</b>	Consolidar usos orais e comprobar a validez da nosa lingua para todos os ámbitos, incluso, para quen realiza produtos culturais fóra de Galicia como é este caso
<b>Destinatarios</b>	Alumnado Bacharelato
<b>Temporización</b>	2º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais e</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Caché
<b>Orzamento</b>	100 euros

<b>Actividade 3.6</b>	<b>Asistencia ao cine Numax para ver “O principiño”</b>
<b>Obxectivos</b>	Desfrutar deste produto cultural subtítulado ao galego despois de traballar a tradución de Casares na aula.

<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1ESO
<b>Temporización</b>	2ºtrimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de francés
<b>Recursos materiais e</b>	Entradas
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	120 euros

#### 4. Coa lingua na música

<b>Actividade 4.1</b>	<b>Presentación do proxecto musical de Mounqup, unha francesa instalada en Galicia</b>
<b>Obxectivos</b>	Vehicular contidos de calquera ámbito na nosa lingua e fomentar a creación de contidos culturais en galego
<b>Destinatarios</b>	2ºESO
<b>Temporización</b>	2º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de música
<b>Recursos materiais e</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	100 euros

<b>Actividade 4.2</b>	<b>Obradoiro de música electrónica a cargo de Mercedes Peón e/ou Sés (a confirmar)</b>
<b>Obxectivos</b>	Superar a existencia de determinados prexuízos e estereotipos lingüísticos sobre a viabilidade do idioma galego a propósito da súa capacidade para constituírse en vehículo de produción e transmisión cultural
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Música

<b>Recursos materiais e</b>	
<b>Outros</b>	Caché
<b>Orzamento</b>	300 euros

<b>Actividade 4.3</b>	<b>Concerto didáctico de Guadi Galego</b>
<b>Obxectivos</b>	Comprobar a viabilidade do idioma galego a propósito da súa capacidade para constituírse en vehículo de produción e transmisión cultural.
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	2º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de música
<b>Recursos materiais e</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	Caché
<b>Orzamento</b>	300 euros

## 5. Coa lingua nas causas sociais

<b>Actividade 5.1</b>	<b>Conferencia: “As violencias de xénero: aspectos legais” por M. L. Pampín, xuíza de familia</b>
<b>Obxectivos</b>	Amosar a validez do noso idioma para calquera ámbito
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1BACH
<b>Temporización</b>	19 de decembro de 2017
<b>Responsables</b>	EDL e Filosofía
<b>Recursos materiais e</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 5.2</b>	<b>Supervisión dos traballos literarios que se presentarán ao concurso “Dillo a quen maltrata” organizado polo Concello de Lalín</b>
<b>Obxectivos</b>	Fomentar a escrita na nosa lingua
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1Bach
<b>Temporización</b>	1º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
<b>Recursos materiais</b>	-
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 5.3</b>	<b>Realización e supervisión de cartaces e vídeo do Día mundial contra a violencia de xénero</b>
<b>Obxectivos</b>	Participar en campañas de sensibilización sobre un problema social
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	1º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamentos implicados
<b>Recursos materiais</b>	Material gráfico
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	20 euros

<b>Actividade 5.4</b>	<b>Celebración do 8 de marzo cunha exposición sobre mulleres relevantes da cultura galega</b>
<b>Obxectivos</b>	Participar en campañas de sensibilización sobre a educación en igualdade
<b>Destinatarios</b>	Alumnado da ESO
<b>Temporización</b>	2º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamentos implicados
<b>Recursos materiais</b>	Material gráfico

<b>Outros</b>	
<b>Orzamento</b>	60 euros

<b>Actividade</b>	<b>Proxecto interxeracional co centro de maiores da fundación Abanca</b> (sen confirmar aínda)
<b>Obxectivos</b>	Intercambiar experiencias e coñecementos mutuos
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1ESO
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e Filosofía
<b>Recursos materiais</b>	Material gráfico e audiovisual
<b>Outros</b>	Colaboración coa Fundación Abanca
<b>Orzamento</b>	100 euros

## 6. Coa lingua na lusofonía

<b>Actividade 6.1</b>	<b>Obradoiro de portugués Ops! a cargo de Agal.</b>
<b>Obxectivos</b>	Verificar o valor da nosa lingua na súa función internacional e como instrumento de comunicación no espazo lusófono
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 4ESO
<b>Temporización</b>	decembro
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Lingua galega
<b>Recursos materiais</b>	Aula de usos múltiples e fotocopias
<b>Outros</b>	Actividade en colaboración co Departamento de Lingua do Concello de Santiago de Compostela
<b>Orzamento</b>	

<b>Actividade 6.2</b>	<b>Conferencia: “Brasil” a cargo de Yvonne da Silva, profesora de portugués da EOI</b>
-----------------------	--

<b>Obxectivos</b>	Decatarse do nivel de comprensión que posúen da variante brasileira do espazo lusófono
<b>Destinatarios</b>	Alumnado ESO
<b>Temporización</b>	3º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de galego
<b>Recursos materiais</b>	-
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

## 7. Coa lingua na historia e na literatura

<b>Actividade 7.1</b>	<b>Roteiro “A lírica medieval en Compostela” con J. A. Souto Cabo</b>
<b>Obxectivos</b>	Vehicular calquera tipo de coñecementos na nosa lingua
<b>Destinatarios</b>	Alumnado de 1ºBACH e 3ESO
<b>Temporización</b>	Primeiro trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Lingua e Biblioteca
<b>Recursos materiais</b>	Aula de usos múltiples
<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 7.2</b>	<b>Conferencia: “As Cantigas de Santa María” por dona Elvira Fidalgo, profesora da USC</b>
<b>Obxectivos</b>	Achegarse ao coñecemento da lírica medieval
<b>Destinatarios</b>	Alumnado 1ºBACH
<b>Temporización</b>	1º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL e departamento de Galego
<b>Recursos materiais</b>	-

<b>Outros</b>	-
<b>Orzamento</b>	-

<b>Actividade 7.3</b>	<b>Día de Rosalía: Recitado e gravación de poemas de Rosalía de Castro. Elaboración dun vídeo mannequin challenge cun poema seu e tamén realizaremos fotos na estatua da Alameda Compostelán para #quenforapedra</b>
<b>Obxectivos</b>	Utilizar a dinámica da participación activa do alumnado no coñecemento da nosa literatura
<b>Destinatarios</b>	Todo o alumnado
<b>Temporización</b>	2º trimestre
<b>Responsables</b>	EDL
